

## Formación do profesorado

# Estadías formativas en empresas ou institucións para o ano 2020 destinadas ao funcionariado docente non universitario

### Restablecemento de prazos

O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece na súa disposición adicional terceira a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público.

O Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no seu artigo 9 que con efectos do 1 de xuño, se restablecerá o cómputo dos prazos administrativos que foran suspendidos.

No momento no que se declarou o estado de alarma, o 15 de marzo, e se suspenderon os prazos administrativos, quedaban 12 días de prazo para a realización do proxecto e a correspondente presentación de documentación de solicitudes de estadías formativas. Logo de reestablecerse os prazos administrativos, desde o 1 de xuño, convén establecer un novo calendario para o desenvolvemento da convocatoria.

### Novo calendario de desenvolvemento da convocatoria de estadías formativas

Procedemento	Data
Finalización do prazo de solicitudes (2ª fase)	14 de xuño
Publicación da resolución provisional	16 de xuño
Reclamacións	17, 18 e 19 de xuño
Publicación da resolución definitiva	23 de xuño
Inicio do período de realización das estadías	A partir da data de publicación da resolución definitiva
Finalización do período de realización das estadías	Ata o 11 de setembro

En calquera caso, o período que se solicite para a realización da estadía formativa, e o desenvolvemento desta, estarán supeditados á evolución da situación sanitaria e ás posibilidades das empresas para realizaren a formación nas condicións sanitarias establecidas ou que se establezan.